



DEPUTACIÓN OURENSE
PRESIDENCIA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE
REGISTRO XERAL
- 6 SET 2017
N.º ENTRADA
N.º SAIDA
1498

En contestación á petición de data 11 de agosto con nº de rexistro 24621, achégolle copia do decreto de data 6 de xuño de 2017 relativo á concesión da prolongación da permanencia na situación de servizo activo a D. José Jesús Cudeiro Mazaira, de conformidade coas normas do plan de ordenación de recursos humanos da Deputación, con efectos do día 14 de xuño de 2017.

En relación co horario laboral, “ no que se reflicten as horas de entrada e saída recollidas no sistema de control de horarios que a Deputación Provincial posúe para os seus traballadores”, indicarlle que o convenio colectivo para o persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Ourense regula a xornada laboral e horarios do persoal laboral fixo e o acordo regulador para persoal funcionario da Deputación Provincial de Ourense regula a xornada laboral e horarios do persoal funcionario da Deputación. O Artigo 2 “Ámbito de aplicación persoal” establece que o Convenio Colectivo aféctalle ó persoal laboral fixo e o Acordo regulador aféctalle única e exclusivamente ó persoal funcionario dependente da Deputación e queda excluído deste acordo o persoal eventual que desempeñe un posto de traballo de confianza ou asesoramento especial.

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 2 de xuño de 2017

O PRESIDENTE

José Manuel Baltar Blanco.

GONZALO PÉREZ JÁCOME, deputado provincial do Grupo DO.

Grupo do DO.- Deputación Provincial de Ourense.